

REQUISITOS ADMISIÓN XULLO LÚDICO:

Por mor da situación da pandemia do Covid-19 , o Programa XULLO LUDICO desenvolverase este ano no mes de Xullo con horario de 8:00 a 15:00 horas tomando as medidas para que as instalacións onde se desenvolva cumpran a normativa vixente en materia de seguridade, hixiene, sanidade, habitabilidade, accesibilidade, así como outras condicións en materia de prevención determinadas pola normativa vixente, tendo en conta a idade das persoas usuarias ás que vai destinado o servizo, limitarase o aforo máximo a 15 menores para poder garantir as condicións preventivas e de seguridade. Dispoñerase dun botiquín, fora do alcance dos nenos/as, debidamente pechado, e que conterá o material necesario para facer unhas primeiras curas e medición de temperatura.

A ACTIVIDADE SERÁ TOTALMENTE GRATUITA

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES :

As solicitudes presentaranse en prazo a través da sede electrónica (se é posible) ou ben no rexistro do concello de Touro .

Criterios de admisión.

Realizarase unha inscrición , que corresponderá ao mes de xullo de 2020

-Abrirase un prazo para a inscrición ao programa de conciliación do 18 ao 29 de xuño.

Admitiranse, inicialmente, as/os menores que cumpran os seguintes requisitos:

1. Estar empadroados no Concello deTouro.
2. Idade comprendida de 3 anos a 12 anos.

SITUACIÓN SOCIOLABORAL E FAMILIAR	
Casos de emerxencia social ou menores incluídos no Programa de Educación Familiar acreditados polos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Touro ou calquera outra situación que valorada técnicamente se considere dende os SS.	6 puntos

Unidades familiares con ingresos mensuais inferiores ao IPREM (537,84€)	3 puntos
Unidades familiares con ingresos mensuais inferiores a 1,5 veces o IPREM (806,76€)	2 puntos
Unidades familiares con ingresos mensuais inferiores a 2,5 veces o IPREM (1344,6€)	1 punto
Unidades familiares monoparentais cun só proxenitor/a responsable traballador/a en activo do neno/a	4 puntos
Unidades familiares nas que os proxenitores ou titores legais sexan todos traballadores en activo no momento de efectuar a solicitude de praza:	3 puntos
Situación de familia numerosa	Xeral 1 punto Especial 2 puntos
SITUACIÓN LABORAL DE OCUPACIÓN	
Familias biparentales: cando as dúas persoas proxenitoras ou titoras legais traballan no mercado laboral	3 puntos
Familias monoparentais: cando a nai, pai, titora ou titor legal traballa no mercado laboral	4 puntos.
Familias biparentales: cando unha das persoas proxenitoras ou titoras legais traballa no mercado laboral e a outra en situación de desemprego (debe acreditarse)	1 punto.
Familias monoparentais: cando a nai, pai, titora ou titor legal está en situación de desemprego (debe acreditarse):	1 punto

Tamén se considera que estades en "situación laboral activa" cando vos atopedes en situación de Incapacidade Transitoria, en situación de licenza por maternidade ou paternidade ou en situación de excedencia por coidado de menores.

-Procedemento:

DOCUMENTACION QUE DEBERÁ DE ACHEGAR XUNTO Á SOLICITUDE

1. Fotocopia do Libro de Familia.
2. Xustificación dos ingresos dos últimos seis meses (nóminas, pensións...). En caso de estar en situación de baixa , excedencia, ERTE ou estar en situación de desemprego no momento de solicitar praza, deberá de achegar fotocopia do documento polo que se recoñece a situación.
3. Documento acreditativo de familia numerosa.
4. Comprobarase o padrón.

Unha vez feita a inscrición e fosen comprobados os requisitos anteriores, publicarase a lista de menores admitidas/os

Publicación de listas provisionais de admisión e listas de espera:

As listas publícanse nos lugares de presentación das solicitudes, no Taboeiro do Concello de Touro e na web municipal

Prazo de reclamacións

30 de xuño de 2020.

Publicaranse as listas definitivas de admitidas/vos e as listas de espera nos lugares citados anteriormente, por rigorosa orde de puntuación, unha vez resoltas as reclamacións, se as houbera.